



## CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE AS NOGAIS, BECERREÁ, BARALLA, O CORGO E LUGO PARA A REPRESENTACIÓN, RECUPERACIÓN E PROMOCIÓN DA “VÍA KÜNIG, CAMIÑO DE HERMANN KÜNIG”

En Lugo, 6.de novembro de 2025.

### REUNIDOS

D.Jesus Manuel Núñez Díaz, con DNI 33833215-P, en calidade de Alcalde do Concello de As Nogais actuando en nome e representación do seu referido Concello, en virtude do artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril reguladora das bases de réxime local (LRBRL) e o artigo 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da administración Local de Galicia (LALGA).

D. Manuel Martínez Núñez ,con DNI 33820089-S, en calidade de Alcalde do Concello de Becerreá actuando en nome e representación do seu referido Concello, en virtude do artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril reguladora das bases de réxime local (LRBRL) e o artigo 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da administración Local de Galicia (LALGA).

D.Miguel González Piñeiro, con DNI 33541005J, en calidade de Alcalde do Concello de Baralla actuando en nome e representación do seu referido Concello, en virtude do artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril reguladora das bases de réxime local (LRBRL) e o artigo 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da administración Local de Galicia (LALGA).

D. Felipe Labrada Reija con DNI 33843370C, en calidade de Alcalde do Concello de O Corgo actuando en nome e representación do seu referido Concello, en virtude do artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril reguladora das bases de réxime local (LRBRL) e o artigo 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da administración Local de Galicia (LALGA).

D. Miguel Fernández Méndez, con DNI 33839359B en calidade de Alcalde do Concello de Lugo actuando en nome e representación do seu referido Concello, en virtude do artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril reguladora das bases de réxime local (LRBRL) e o artigo 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da administración Local de Galicia (LALGA).

As partes actúan no exercicio dos seus cargos e, na representación que ostentan, recoñécense capacidade para obrigarse nos termos do presente convenio de colaboración, e para o efecto:

### EXPOÑEN

#### Primeiro. Motivación e necesidades a satisfacer

Os citados Concellos están de acordo en levar acabo a recuperación, mantemento e promoción do tramo entre Herrerías de Valcarce (Vegade Valcarce, León) e a cidade de Lugo do Camiño Xacobeo que percorreu o monxe servita alemán Hermann Küning a finais do século XV e que deu lugar á redacción da guía de peregrinos titulada “A peregrinaxe e o Camiño de Santiago” que de aquí en adiante imos denominar “VÍA KÜNIG, CAMIÑO DE SANTIAGO”.

Dado o valor cultural, natural, paisaxístico, patrimonial, histórico e relixioso que conforma o Camiño de Santiago coñecido como "VÍAKÜNIG, CAMIÑO DE SANTIAGO" e a súa contorna, considérase necesario fixar unha serie de medidas mínimas e actuacións de recuperación a realizar polos concellos interesados en fomentar e potenciar esta ruta de peregrinación.

Compre a representación de todos eles respecto ó VÍAKÜNIG, CAMIÑO DE SANTIAGO tanto ante a Mesa dos Camiños da Deputación Provincial de Lugo, como ante a Administración Autonómica así como a estatal.

De cara á recuperación desta ruta de Peregrinación, considéranse imprescindibles e prioritarias as actuacións de estudo, investigación, creación de cartografía, documentación, limpeza, sinalización, promoción, etc.

En material de fomento, o impulso e protección do patrimonio cultural e do entorno natural, o turismo e a prestación de servizos, implican un desenvolvemento cultural e económico dos municipios asinantes, redundando na mellora da calidade de vida dos seus veciños, polo que deben considerar se como unha materia ou competencia transversal, é dicir, implícita en toda competencia ou materia a prestar por unha administración pública.

Os concellos asinantes, ao amparo dos artigos 2 e 25 da vixente Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora da Lei de Bases de Réxime Local, teñen competencias en materia de promoción da cultura, fomento do turismo, comercio e apoio ao tecido empresarial, e todas aquelas que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións das súas comunidades veciñais de conformidade cos principios de descentralización, proximidade, eficacia e eficiencia, con estrita suxeición á normativa de estabilidade financeira. Atopámonos polo tanto no ámbito daquelas actividades que todo municipio debe promover para o desenvolvemento do termo municipal.

### **Segundo. Fundamentos xurídicos da colaboración interadministrativa**

Os artigos 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL) e 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia (LALGA) establecen que o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal. O Municipio exercerá en todo caso, competencias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas.

Tanto a LRBRL, como a LALGA e a Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común, recollen ao longo do seu articulado o principio xeral de colaboración interadministrativa.

A Constitución recolle no artigo 103 que a Administración debe actuar de acordo, entre outros, cos principios de eficacia e coordinación. Nesa liña, o actual escenario de crise económica que afecta tamén aos concellos obriga a impulsar medidas relativas á xestión eficaz e eficiente dos recursos dispoñibles, co obxecto de poder continuar prestando ou prestar os servizos aos cidadáns en condicións de calidade que satisfagan ás súas necesidades, sendo preciso minimizar custos e xestionar de forma compartida as actuacións públicas conforme aos principios xerais de eficacia (art. 103 da Constitución Española), eficiencia na asignación de recursos públicos (arts. 7 da Lei orgánica de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade) e colaboración interadministrativa (art. 3 da Lei 39/2015 e 10 e 57 da LBRI).



En virtude do exposto e recoñecéndose todas partes na representación que ostentan capacidade suficiente, acordan asinar un convenio de colaboración de acordo coas seguintes

## CLÁUSULAS

### Primeira.- Obxecto e réxime xurídico

É obxecto do presente Convenio potenciar a recuperación e desenvolvemento do coñecido como VÍAKÜNIG, CAMIÑO DE SANTIAGO así como a colaboración entre os Concellos que o subscriben a través da coordinación de iniciativas e constituír un foro que fomente o estudo, investigación e recuperación da ruta de peregrinación e constitúa un órgano de coordinación ante a Administración provincial, autonómica e estatal.

O presente convenio atópase excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, en virtude do disposto no seu artigo 4.1.

Será de aplicación o réxime xurídico establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, a Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local

### Segunda.- Ámbito de aplicación e representación

O ámbito de aplicación deste Convenio será o dos termos municipais de As Nogais, Becerreá, Baralla, O Corgo e Lugo sen prexuízo daquelas actividades cuxa finalidade sexa en beneficio directo da VÍAKÜNIG, CAMIÑO DE SANTIAGO, aínda cando se desenvolvan fora destes termos municipais.

A efectos da súa representación os Concellos comparecentes designan portavoz e representante de todos eles ao Concello de As Nogais, representado polo seu Alcalde D.Jesús Manuel Núñez Díaz e no seu defecto ao Concello de Lugo representado polo seu Alcalde, D.Miguel Fernández Méndez.

### Terceira.- Compromisos das partes.

Para a realización do obxecto do Convenio, cada un dos comparecentes realizará unha achega de 3.000 € cada ano que dure o convenio, destinados a sufragar os gastos xerados pola recuperación do VÍA KÜNIG, CAMIÑO DE SANTIAGO (proxecto de estudo, investigación, creación de cartografía, documentación, promoción, limpeza, sinalización, etc.).

Esta cantidade poderá ser obxecto de incremento, previa autorización dos órganos locais correspondentes, así como solicitar canta axuda económica, subvención, etc., sexa compatible co obxecto do Convenio.

Destas achegas municipais e posibles subvencións será depositario o Concello de As Nogais. Para este fin existe unha conta bancaria específica. A finalización do convenio xustificaranse os gastos realizados e no suposto de existir algún saldo non gastado repartirase proporcionalmente entre os concellos participantes.

## **Desglose Orzamentario para a Vía Künig en Galicia (2025-2026)**

Orzamento Total: 30.000 €

Período de Execución: 2 anos (2025 e 2026)

Áreas de Actuación: Mantemento, Promoción e Divulgación.

### **ANO 2025: Orzamento Total - 15.000 €**

#### **1. DIVULGACIÓN: 6.815 €**

Creación de contidos e materiais para dar a coñecer a ruta.

##### **1. Edición do Cómic " Hermann Künig, mestre de peregrinos: a viaxe da primeira guía de peregrinos da historia":**

- Custo de realización (ilustración): 3.000 €
- Custo de impresión (edición de exemplares, 100 para cada concello): 2.815 €

**Subtotal Cómic: 5.815 €**

##### **2. Xornada de presentación do cómic e da ruta:**

- Organización de eventos en concellos clave da ruta para presentar o proxecto e distribuír os primeiros exemplares.

**Subtotal Xornada: 1.000 €**

Este apartado complétase cos 6630 € concedidos á Asociación Vía Künig por parte de S.A. de Xestión do Plan Xacobeo da Axencia de Turismo de Galicia nas axudas ás Asociacións do Camiño de Santiago do 2025 para impresión e promoción do citado cómic, polo que o orzamento total deste apartado ascende a 13.445€ .

#### **2. PROMOCIÓN: 4.685 €**

Accións directas para atraer peregrinos e visitantes.

##### **1. Marketing Dixital e Redes Sociais:**

- Creación e mantemento de perfís en redes sociais, xestión da páxina web e campañas de publicidade en liña.

**Subtotal: 2.500 €**



## 2. Material Promocional Básico:

- Deseño e impresión de folletos despregables e carteis para puntos de información turística, albergues e asociacións.

**Subtotal: 2.185 €**

## 3. MANTEMENTO: 3.500 €

Actuacións esenciais para garantir a transitabilidade e seguridade do camiño.

### 1. Revisión e Mellora da Sinalización:

- Inspección completa do trazado, substitución de sinais danados e instalación de novos sinais en puntos conflictivos.

**Subtotal: 1.500 €**

### 2. Limpeza e Roza de Tramos Prioritarios:

- Traballos de roza en treitos con maior vexetación antes da tempada de primavera-verán.

**Subtotal: 2.000 €**

**ANO 2026: Orzamento Total - 15.000 €**

## 1. DIVULGACIÓN: 6.500 €

Continuación da creación de materiais de calidade.

### 1. Edición da Guía Práctica da Vía König:

- Contratación de servizos para a redacción, fotografía, cartografía, deseño e maquetación da guía.

**Subtotal: 5.000 €**

### 2. Creación de Contido Audiovisual e presentación da guía nos distintos concellos:

- Produción de pequenos vídeos sobre etapas ou puntos de interese para a súa difusión en liña.

**Subtotal: 1.500 €**

## **2. PROMOCIÓN: 4.500 €**

Accións para consolidar o coñecemento da ruta.

### **1. Asistencia a Feiras de Turismo:**

- Presenza en feiras especializadas de ámbito nacional (p. ex. FITUR) ou autonómico, viaxes institucionais a outras partes da Vía Künig para promocionar a ruta.

**Subtotal: 3.000 €**

### **2. Colaboracións e Prensa:**

- Viaxes de familiarización para xornalistas especializados e colaboracións con blogueiros ou *influencers* de viaxes.

**Subtotal: 1.500 €**

## **3. MANTEMENTO: 4.000 €**

Labores de conservación continua do trazado.

### **1. Mantemento Continuo da Sinalización:**

- Partida para actuacións puntuais de reposición de sinais ao longo do ano.

**Subtotal: 1.000 €**

### **2. Actuacións de Roza e Limpeza Estacionais:**

- Dúas campañas de limpeza (primavera e outono) para manter o camiño en óptimas condicións.

**Subtotal: 3.000 €**



### RESUMO TOTAL DO ORZAMENTO (2025-2026)

Concepto Principal	Ano 2025	Ano 2026	Total por Concepto
<b>Mantemento</b>	3.500 €	4.000 €	<b>7.500 €</b>
<b>Promoción</b>	4.685 €	4.500 €	<b>9.185 €</b>
<b>Divulgación</b>	6.815 €	6.500 €	<b>13.315 €</b>
<b>TOTAL ANUAL</b>	<b>15.000 €</b>	<b>15.000 €</b>	<b>30.000 €</b>

Dos apartados un dous e tres deste orzamento o responsable da contratación será o Concello de As Nogais, salvo que exista delegación expresa do órgano competente e estea formalizada conforme á normativa, todo isto con independencia que o director técnico do proxecto, don Javier Gómez Vila, nomeado conforme ao convenio asinado no ano 2018 e que se ratifica coa sinatura do convenio actual, poida coordinar as ditas actuacións, supervisar a execución, informar e/ou levar a cabo as correspondentes propostas.

Polo que se refire ao procedemento de xustificación, independentemente que a dirección do proxecto efectúe os traballos de elaboración e preparación da documentación técnica da conta xustificativa, esta deberá vir asinada polo Alcalde de As Nogais, como representante do convenio Vía Kunig. Así mesmo o Concello de As Nogais será o encargado do reintegro das contías aos Concellos das cantidades non executadas ou non xustificadas tendo un prazo para realizalo de 90 días.

#### **Cuarta.-Comisión mixta de Seguimento e coordinación.**

Para facilitar o seguimento do Convenio constituirase unha comisión mixta de seguimento do convenio sen prexuízo das competencias atribuídas aos respectivos Alcaldes, integrada por un representante de cada concello á que poderán asistir outros técnicos dos mesmos.

A comisión mixta rexerase polo establecido na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común.

Ás súas principais funcións serán:

- a. Velar polo bo desenvolvemento dos obxectivos previstos neste convenio e as actuacións recollidas no mesmo, aprobando a tal fin as directrices e acordos que resulte necesarios.
- b. Adoptar as medidas correctoras oportunas cando así o esixa o transcurso das actuacións.

c. Propoñer razoadamente ás partes asinantes a necesidade ou oportunidade de introducir modificacións no contido das actuacións a desenvolver para a súa aprobación, se procede.

d. Validar, previamente á súa presentación, a memoria de acción se avaliar os resultados obtidos, indicando o grao de cumprimento dos obxectivos.

e. Manter permanentemente informadas ás partes sobre o desenvolvemento, incidencias e cumprimento das accións, o calendario de execución e o orzamento.

A Comisión de seguimento levantará acta sucinta das decisións adoptadas no exercicio das funcións que ten asignadas.

En ningún caso a Comisión de seguimento adoptará decisións que excedan do ámbito da pura xestión do presente Convenio

#### **Quinta.- Duración do Convenio e causas de resolución**

O presente convenio terá unha duración de 2 anos.

O Convenio poderá ser resolto por calquera das partes, con abrigo de facelo mediante comunicación escrita e cunha antelación mínima dun mes por algunha das seguintes causas:

- a) Mutuo acordo.
- b) Incumprimento total ou parcial por algunha das partes das obrigas contraídas.
- c) Imposibilidade sobrevida, legal ou material, a desenvolver as actividades que constitúen o seu obxecto.
- d) Vontade unilateral de calquera das partes.
- e) Polo resto das causas previstas no ordenamento xurídico

#### **Sexta.- Réxime de incumprimentos**

Os incumprimentos das obrigas ou compromisos por calquera das partes conlevará que teña que asumir os danos e prexuízos causados e, no seu caso, á indemnización correspondente. Tamén poderá conlevar a resolución do convenio coa parte incumpridora.

#### **Sétima.- Natureza do Convenio e xurisdición competente**

O presente convenio ten natureza administrativa e ás discrepancias que xurdan pola súa aplicación serán resoltas pola comisión de seguimento quedando ás partes suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir na súa aplicación.

#### **Oitava.- Protección de datos**



O obxecto do presente convenio levarase a cabo con suxeición á lexislación vixente sobre protección de datos de carácter persoal e en particular con suxeición á Lei Orgánica 3/18, 5 de decembro de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais, e demais normativa vixente de aplicación en materia de protección de datos.

En proba de conformidade co expresado no convenio, asínase polas partes comparecentes, por triplicado exemplar e para un só efecto, non lugar e data que se sinalan non encabezamento.